

10 medidas fundamentais para un medio rural galego

HABITADO e HABITABLE



1. 30 minutos como máximo de desprazamento en coche a calquera servizo básico: sanitario, social ou educativo. 30 quilómetros até unha vía de alta capacidade ou ferroviaria.

Remate da autovia Lugo-Ourense, remate da autovía Celanova-Portugal e posta en marcha da vía rápida Valdeorras-Ourense.

Posta en funcionamento da rede viaria rexional adaptada en horarios ás necesidades laborais e vitais da cidadanía.

Adaptación horaria do transporte público por estrada aos horarios e ás necesidades laborais e vitais da cidadanía.

Actualización das medidas de seguridade e sinalización nas estradas do rural con especial atención das de competencia municipal.

2. Impulso da produción agraria e gandeira de proximidade e dos mercados locais.

Aposta decida por parte das administracións públicas no consumo de alimentos producidos no país (km 0) en extensivo e dando prioridade á produción ecolóxica. Establecemento dun prezo xusto para os produtos agrícolas e establecemento de prezos mínimos baixo os cales non se poden vender.

PAC xusta e equilibrada de impulso os/as pequenos produtores/as que paguen a seguridade social agraria e con axudas específicas para a incorporación da xente moza. Incorporar á PAC os soutos galegos.

Implementar servizos de información, búsqueda, asesoramento e tramitación de axudas de xeito gratuíto. Mudaremos a linguaxe administrativa pra que sexa máis asequíbel, accesíbel e entendíbel para a cidadanía do rural.

3. FISCALIDADE RURAL das provincias de Lugo, Ourense pola aplicación de medidas fiscais que permite o Tratado de Funcionamento da Unión Europea en tanto en canto territorios periféricos con elevadísimo envellecemento, demotanasia e dispersión poboacional. E bonificacións na seguridade social para aquelas empresas situadas no medio rural, en especial nos Concellos de menos de 5.000 habitantes, medidas similares as tomadas nas provincias de Teruel, Soria e Cuenca.

4. Cambio do modelo e atención ás persoas maiores e dependentes, apostando por un aumento das horas do servizo de axuda no fogar, servizos de proximidade e por un modelo residencial micro no medio rural e baseado nunha atención centrada na persoa. Así mesmo, mellora das condicións laborais das persoas traballadoras, fundamentalmente mulleres con condicións laborais precarias.

- 5.** Compatibilizar as instalacións de enerxía renovable coa xeración de emprego e o respecto a paisaxe así como evitar macroproxectos empresariais depredadores do medio, apostamos por un canón enerxético para concellos e persoas propietarias e por unha xeración distribuída que afonde nun modelo descentralizado e máis sustentable.
- 6.** Garantir en todos os concellos do rural unha programación estábel anual de concertos, obras de teatro, proxeccións de cinema, recitais poéticos, exposicións... achegando a cultura á poboación do rural.
- 7.** Garantir que a atención sanitaria no medio rural cumpra cos estándares de calidade axeitados, dotándoa de recursos materiais e persoais, con especial incidencia na especialidade de pediátrica. Pular polo impulso dun programa piloto de saúde bucodental universal e gratuíto para as provincias de Lugo e Ourense que permita avaliar o impacto positivo destas medidas na saúde en xeral. Pular pola dotación da especialidade de Fisioterapia nos centros de saúde do rural.
- 8.** Impulso dun parque de vivendas público nos concellos rurais, mobilización da vivenda baleira en mans das administracións públicas para ser ofertada en aluguer social e medidas específicas para o fomento da mobilización da vivenda privada. Medidas de apoio o alugueiro e reforma da vivenda habitual no medio rural para a xente moza e supresión do imposto de Transición Patrimonial para a adquisición de primeira vivenda. Simplificación da burocracia e dos tempos para a regularización das vivendas do medio rural e das innumerables alteracións catastrais.
- 9.** Horarios escolares que respondan a necesidades educativas e non ós intereses das empresas de transporte. Dotación económica especial para Ceips, Cpis e les do rural destinados a garantir un número mínimo de saídas e actividades extracurriculares. Garantir a permanencia ,en ciclos de tres anos e sempre de xeito escalonado, dos equipos docentes nos centros do rural, hai centros nos que todo o equipo docente ou practicamente todo é mudado todos os anos. Garantir, a traveso de servizos móbis ou concentración en cabezas de comarca, de actividades extraescolares, sobeor de todo naqueles concellos que non teñen centro de ensino mais si teñen nenos e nenas. Adecuación e facilitación dos requisitos precisos para intercambios culturais, deportivos e de formación en programas estatais, europeos ou internacionais. Creación da especialidade de maxisterio rural.
- 10.** Planificación dun Turismo sustentable, con coordinación de todas as administracións e axentes privados, garantindo a preservación dos espazos naturais e medindo a capacidade de carga, o mantemento das infraestruturas básicas, a promoción da calidade e excelencia turísticas e a integración desta actividade co tecido económico xeral, conservando e divulgando o Patrimonio e as actividades tradicionais, coma a viticultura ou o soute, como eixos da atracción turística.

